

MEMORIA XUSTIFICATIVA

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE SILLEDA PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO DE MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA AVENIDA DO PARQUE

1.- Competencia

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas ao abeiro do Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 73 do 14 de abril) e en virtude do artigo 13.1 do Decreto 142/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería (DOG núm. 101 do 27 de maio), modificado polo Decreto 48/2025, do 16 de xuño (DOG núm. 122, do 27 de xuño), ten atribuída a competencia para a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

2.- Antecedentes

O antecedente da addenda á que se refire a presente memoria é o Convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Silleda para acometer o proxecto de Mellora da mobilidade peonil na Avenida do Parque, asinado o 29 de xullo de 2025.

3.- Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Silleda o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dous anos desde a data da súa sinatura.

4.- Obxecto

O obxecto desta addenda é a modificación da cláusula segunda do antedito convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Silleda, co fin de adaptala á petición de reaxuste das anualidades previstas formulada polo concello en escrito do 10.12.2025.



5.- Fundamentos do instrumento convencional

Constitúen razóns de oportunidade as manifestacións do concello, en canto consideran necesaria unha modificación do clausulado do convenio, posto que diversas circunstancias de índole técnica e os prazos determinados para a contratación e adxudicación das obras, impediron a materialización das execucións previstas para o exercicio orzamentario de 2025.

A Comisión de seguimento, segundo consta na acta da súa reunión do 11.12.2025, á vista do exposto no escrito do concello, formula unha proposta de reaxuste das anualidades de financiamento das actuacións obxecto do convenio.

En consecuencia, procede modificar a cláusula segunda para adaptar as achegas á realidade da execución dos traballos.

Para a tramitación desta addenda ao convenio, observáronse os requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica, A directora xeral de Urbanismo. María Encarnación Rivas Díaz

